

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**8115** *Lei orgánica 4/2010, do 20 de maio, do réxime disciplinario do Corpo Nacional de Policía.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

#### PREÁMBULO

A Constitución, no seu artigo 104, encomenda ás forzas e corpos de seguridade, baixo a dependencia do Goberno, a misión de protexer o libre exercicio dos dereitos e liberdades dos cidadáns e garantir a seguridade cidadá, e remite a unha lei orgánica a determinación das súas funcións, os seus principios básicos de actuación e o seu estatuto.

En desenvolvemento deste precepto constitucional, ditouse a Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade, que constitúe o pilar básico e común do réxime xurídico de todos os corpos policiais, estatais, autonómicos e locais, a partir do cal se foron desenvolvendo para cada un deles as súas respectivas normas de organización e funcionamento.

No ámbito das forzas e corpos de seguridade do Estado, a Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, sinala que están integrados polo Corpo Nacional de Policía e pola Garda Civil e recolle as disposicións comúns a ambos os dous corpos, así como as específicas de cada un deles, derivadas da súa diferente natureza e ámbito de actuación.

Polo que respecta ao Corpo Nacional de Policía –instituto armado de natureza civil– e, en concreto, ao seu réxime disciplinario, a sección 4.<sup>a</sup> do capítulo IV do título II da mencionada lei orgánica está dedicada a regular os seus aspectos básicos e recolle, entre outras cuestións, as infraccións moi graves en que poden incurrir os membros deste corpo, así como as sancións aplicables.

Non obstante, a Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, recolle parcialmente certos aspectos concretos deste réxime disciplinario, polo que a regulación completa e detallada tivo lugar a través dunha norma regulamentaria, o Regulamento de réxime disciplinario do Corpo Nacional de Policía, aprobado polo Real decreto 884/1989, do 14 de xullo.

Resulta evidente, pois, que o tempo transcorrido desde a entrada en vigor da citada normativa exige, por si só, a súa adaptación ás circunstancias actuais; pero é que, ademais, tamén resulta imprescindible abordar esta reforma mediante un instrumento xurídico acorde coa entidade da materia que se vai regular.

Polo tanto, da mesma forma que o lexislador levou a cabo un desenvolvemento específico do réxime disciplinario e do réxime de persoal do corpo da Garda Civil –coas peculiaridades propias da súa condición de instituto armado de natureza militar–, procede agora a elaboración dunha norma legal que dote o Corpo Nacional de Policía dun réxime disciplinario que se axuste aos seus principios básicos de actuación e aos deberes e obrigas que impón o servizo público de protección dos dereitos e liberdades públicas, pero que permita ao mesmo tempo dar resposta ás exigencias dun corpo policial moderno.

Mediante esta lei orgánica fíxase un marco normativo eficaz, que mellora e perfecciona o réxime disciplinario dos membros desta institución policial, e define con claridade e precisión os seus dereitos e deberes, de conformidade cos principios inspiradores da súa estrutura e organización xerarquizada, sempre no marco do respecto aos mandatos constitucionais.

Trátase, pois, de dotar o Corpo Nacional de Policía dun réxime disciplinario plenamente adaptado á realidade do noso tempo, a través dunha lei orgánica propia e exclusiva, que permita conciliar as reivindicacións dos seus integrantes coas garantías derivadas da misión encomendada pola Constitución e que, en suma, contribúa a mellorar e perfeccionar o réxime estatutario dunha institución policial do século XXI, con recoñecemento da singular importancia, para tales fins, das súas solicitudes, reclamacións e queixas que poden achegar información susceptible de contribuír á mellora do servizo público policial.

Sobre a base do exposto, esta lei orgánica ten o contido propio das normas reguladoras dos réximes disciplinarios. Estrutúrase en tres títulos, á súa vez divididos en capítulos, tres disposicións adicionais, tres disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e sete disposicións derradeiras.

O título preliminar recolle as disposicións xerais do réxime disciplinario deste corpo policial, e inclúe o seu obxecto e ámbito de aplicación, as persoas responsables e a posible concorrencia de responsabilidades civís e penais.

No título I descríbense detalladamente os tipos de infraccións en que poden incurrir os integrantes do Corpo Nacional de Policía e as sancións aplicables, respéctanse –en esencia– os actuais, pero tamén se introducen as melloras derivadas das disfuncións demostradas na súa aplicación práctica e da necesaria actualización ás circunstancias existentes hoxe en día.

Mantense a vixente distribución en faltas moi graves, graves e leves; régulanse as sancións aplicables en cada caso e o modo en que se deben graduar ou individualizar; e, así mesmo, fíxanse as regras para determinar a competencia sancionadora e as normas relativas á extinción da responsabilidade disciplinaria.

O título II, dedicado aos procedementos disciplinarios neste ámbito, comeza cun desenvolvemento dos principios inspiradores comúns e inclúe aqueles que son esenciais por mandato constitucional, como o de legalidade, o de imparcialidade, o de contradición ou o de defensa, e, a continuación, especifica as disposicións xerais aplicables a todo procedemento sancionador.

En capítulos independentes deste título régulanse dous tipos de procedementos, un para faltas leves e outro para o resto de infraccións, conxugando os expresados principios co de proporcionalidade e o de axilidade na actuación administrativa. Finalmente, establécense certos aspectos sobre a execución das sancións impostas, incorporando a súa posible suspensión e inexecución.

Nas disposicións adicionais establécese que ás solicitudes de rehabilitación na condición de funcionario do Corpo Nacional de Policía lles será de aplicación o disposto no artigo 68 da Lei 7/2007, do 13 de abril, do Estatuto básico do empregado público, e atribúeselle a competencia para elevar a proposta ao Consello de Ministros, ao ministro do Interior. Dispónse, tamén, que os órganos xudiciais lle deberán comunicar á Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil as resolucións que diten poñendo fin aos procesos penais que afecten os funcionarios policiais.

As disposicións transitorias conteñen as previsións necesarias para asegurar a aplicación da norma máis favorable, e estenden o principio mesmo á revisión de oficio de sancións en vía de execución.

Derróganse mediante a correspondente disposición os artigos da Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, que regularon os aspectos principais do réxime disciplinario do Corpo Nacional de Policía, e o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 884/1989, do 14 de xullo.

Por último, as disposicións derradeiras modifican a Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, para declarar a aplicación ao Corpo Nacional de Policía do réxime de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e, no que se refire aos funcionarios do Corpo Nacional de Policía que se encontren en segunda actividade sen destino, aplicaranse as normas que regulan estas situacións; e, así mesmo, modifícase a Lei 26/1994, do 29 de setembro, pola que se regula a situación de segunda actividade no Corpo Nacional de Policía, para impor aos funcionarios en segunda actividade sen destino a obriga de obter a autorización correspondente para levar a cabo actividades

conexas coas funcións que viñesen desempeñando. Así mesmo, facúltase o Goberno para un desenvolvemento regulamentario da materia, declárase de aplicación supletoria a normativa sobre procedemento administrativo, dispónse a súa entrada en vigor e a súa aplicación aos corpos de policía local nos termos da Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo.

Especial mención merece, entre as ditas disposicións, a que asigna rango orgánico ao título preliminar e ao título I no seu conxunto, así como a cinco artigos do título II, en canto recollen os aspectos básicos do réxime disciplinario do Corpo Nacional de Policía que, de acordo co artigo 104 da Constitución, constitúen o núcleo básico do seu estatuto que se debe regular mediante norma do dito rango.

## TÍTULO PRELIMINAR

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto.*

Esta lei orgánica ten por obxecto regular o réxime disciplinario dos membros do Corpo Nacional de Policía, de acordo cos principios recollidos na Constitución, na Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade, e no resto do ordenamento xurídico.

#### Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Esta lei orgánica é de aplicación aos funcionarios do Corpo Nacional de Policía que se encontren nas situacións de servizo activo e de segunda actividade ocupando destino.

Os funcionarios do Corpo Nacional de Policía en situación de segunda actividade sen ocupar destino estarán sometidos ao réxime xeral disciplinario da función pública.

Os funcionarios do Corpo Nacional de Policía que se encontren en situación distinta das anteriores incorrerán en responsabilidade disciplinaria polas faltas previstas nesta lei orgánica que poidan cometer dentro das súas peculiares situacións administrativas, en razón da súa pertenza ao Corpo Nacional de Policía, sempre que non lles sexa de aplicación outro réxime disciplinario ou que, de selo, non estea prevista neste aquela conduta.

2. Os funcionarios en prácticas quedan sometidos ás normas de réxime disciplinario establecidas no regulamento do centro docente policial e, con carácter supletorio para aqueles supostos en que o feito non constituía falta de disciplina docente, ás normas desta lei orgánica que lles sexan de aplicación, sen prexuízo das normas específicas que regulen o seu procedemento de selección.

3. En todo o que non estea previsto nesta lei orgánica e na Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, serán de aplicación as normas de réxime disciplinario dos funcionarios da Administración xeral do Estado.

#### Artigo 3. *Responsabilidade civil e penal.*

O réxime disciplinario establecido nesta lei orgánica enténdese sen prexuízo da responsabilidade civil ou penal en que poidan incorrer os funcionarios, a cal se fará efectiva na forma que determina a lei.

#### Artigo 4. *Comunicación de infraccións.*

Os membros do Corpo Nacional de Policía terán a obriga de comunicar por escrito ao seu superior xerárquico os feitos de que teñan coñecemento que consideren constitutivos de faltas graves e moi graves, salvo cando o dito superior sexa o presunto infractor; en tal caso, a comunicación efectuaráselle ao superior inmediato deste último.

Artigo 5. *Extensión da responsabilidade.*

Incorrerán na mesma responsabilidade que os autores dunha falta os que induzan á súa comisión. Así mesmo, incorrerán en falta de inferior grao os que encubrisen a comisión dunha falta moi grave ou grave, e os superiores que a toleren. Entenderase por encubrimiento non dar conta ao superior xerárquico competente, de forma inmediata, dos feitos constitutivos de falta moi grave ou grave de que se teña coñecemento.

## TÍTULO I

### **Infraccións, sancións e potestade sancionadora**

#### CAPÍTULO I

#### **Infraccións disciplinarias**

Artigo 6. *Faltas disciplinarias.*

As faltas disciplinarias en que poden incorrer os membros do Corpo Nacional de Policía poderán ser moi graves, graves ou leves.

Artigo 7. *Faltas moi graves.*

Son faltas moi graves:

- a) O incumprimento do deber de fidelidade á Constitución no exercicio das funcións.
- b) Ter sido condenado en virtude de sentenza firme por un delito doloso relacionado co servizo ou que cause grave dano á Administración ou ás persoas.
- c) O abuso de atribucións que cause grave dano aos cidadáns, aos subordinados, á Administración ou ás entidades con personalidade xurídica.
- d) A práctica de tratos inhumanos, degradantes, discriminatorios ou vexatorios aos cidadáns que se encontren baixo custodia policial.
- e) A insubordinación individual ou colectiva, respecto ás autoridades ou mandos de que dependan.
- f) O abandono de servizo, salvo que exista causa de forza maior que impida comunicar a un superior o dito abandono.
- g) A publicación ou a utilización indebida de segredos oficiais, declarados así conforme a lexislación específica na materia.
- h) A violación do segredo profesional cando prexudique o desenvolvemento do labor policial, a calquera cidadán ou ás entidades con personalidade xurídica.
- i) O incumprimento das normas sobre incompatibilidades cando iso dea lugar a unha situación de incompatibilidade.
- j) A participación en folgas, en accións substitutivas destas ou en actuacións concertadas co fin de alterar o normal funcionamento dos servizos.
- k) A falta de colaboración manifesta con outros membros das forzas e corpos de seguridade, cando resulte prexudicado gravemente o servizo ou deriven consecuencias graves para a seguridade cidadá.
- l) Embriagarse ou consumir drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas durante o servizo ou realizalo en estado de embriaguez ou baixo os efectos manifestos dos produtos citados.
- m) A negativa inustificada a someterse a recoñecemento médico, proba de alcoholemia ou de detección de drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas, lexitimamente ordenadas, co fin de constatar a capacidade psicofísica para prestar servizo.
- n) Toda actuación que supoña discriminación por razón de orixe racial ou étnica, relixión ou conviccións, discapacidade, idade ou orientación sexual, sexo, lingua, opinión,

lugar de nacemento ou veciñanza, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

ñ) O acoso sexual e o acoso laboral, consistente este último na realización reiterada, no marco dunha relación de servizo, de actos de acoso psicolóxico ou hostilidade.

o) A obstaculización grave ao exercicio das liberdades públicas e dereitos sindicais.

p) As infraccións tipificadas como moi graves na lexislación sobre utilización de videocámaras polas forzas e corpos de seguridade en lugares públicos.

## Artigo 8. *Faltas graves.*

Son faltas graves:

a) A grave desconsideración cos superiores, compañeiros, subordinados ou cidadáns, no exercicio das súas funcións ou cando cause descrédito notorio á institución policial.

b) A desobediencia aos superiores xerárquicos ou aos responsables do servizo con motivo das ordes ou instrucións lexítimas dadas por aqueles, salvo que constitúan infracción manifesta do ordenamento xurídico.

c) A omisión da obriga de dar conta á superioridade coa debida dilixencia de todo asunto que, pola súa entidade, requira o seu coñecemento ou decisión urxente.

d) A falta de presentación ou posta á disposición inmediata na dependencia de destino ou na máis próxima, nos casos de declaración dos estados de alarma, excepción ou sitio ou cando así se dispoña, en caso de alteración grave da seguridade cidadá.

e) A terceira falta inxustificada de asistencia ao servizo nun período de tres meses cando as dúas anteriores fosen obxecto de sanción firme por falta leve.

f) Non prestar servizo, alegando suposta enfermidade.

g) A falta de rendemento reiterada que ocasione un prexuízo aos cidadáns, ás entidades con personalidade xurídica ou á eficacia dos servizos.

h) O abuso de atribucións cando non constituía infracción moi grave.

i) A emisión de informes sobre asuntos de servizo que, sen faltar abertamente á verdade, a desnaturalicen, valéndose de termos ambiguos, confusos ou tendenciosos, ou a alteren mediante inexactitudes, cando se cause prexuízo á Administración ou aos cidadáns, sempre que o feito non constituía delito ou falta moi grave.

j) A intervención nun procedemento administrativo cando concorran algunhas das causas legais de abstención.

k) Non ir provisto nos actos de servizo do uniforme regulamentario, cando o seu uso sexa preceptivo, dos distintivos da categoría ou cargo, da arma regulamentaria ou dos medios de protección ou acción que se determinen, sempre que non medie autorización en contrario.

l) Exhibir armas sen causa xustificada, así como utilízalas en acto de servizo ou fóra del, infrinxindo as normas que regulan o seu emprego.

m) Dar lugar ao extravío, perda ou subtracción por negligencia inescusable dos distintivos de identificación ou da arma regulamentaria.

n) Asistir de uniforme a calquera manifestación ou reunión pública, salvo que se trate de actos de servizo, ou actos oficiais en que a asistencia de uniforme estea indicada ou fose autorizada.

ñ) Causar, por negligencia inescusable, danos graves na conservación dos locais, do material ou dos demais elementos relacionados co servizo ou dar lugar ao extravío, á perda ou á subtracción destes.

o) Impedir, limitar ou obstaculizar aos subordinados o exercicio dos dereitos que teñan recoñecidos, sempre que non constituía falta moi grave.

p) Embriagarse ou consumir drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas fóra do servizo, cando tales circunstancias teñan carácter habitual ou afecten a imaxe do Corpo Nacional de Policía. Entenderase que existe habitualidade cando estiveren acreditados tres ou máis episodios de embriaguez ou consumo das substancias referidas nun período dun ano.

- q) A tenza de drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas, agás que esa tenza derive de actuacións propias do servizo.
- r) Solicitar e obter cambios de destino mediando calquera recompensa, ánimo de lucro ou falseando as condicións que os regulan.
- s) Empregar ou autorizar a utilización, para usos non relacionados co servizo ou con ocasión deste, ou sen que medie causa xustificada, de medios ou recursos inherentes á función policial.
- t) As infraccións ao disposto na lexislación sobre utilización de videocámaras polas forzas e corpos de seguridade en lugares públicos, non constitutivas de falta moi grave.
- u) O incumprimento dos prazos ou outras disposicións de procedemento en materia de incompatibilidades, cando non supoñan mantemento dunha situación de incompatibilidade.
- v) A violación do segredo profesional cando non prexudique o desenvolvemento do labor policial, as entidades con personalidade xurídica ou calquera cidadán.
- w) A falta de colaboración manifesta con outros membros dos corpos e forzas de seguridade, sempre que non mereza a cualificación de falta moi grave.
- x) A infracción de deberes ou obrigas legais inherentes ao cargo ou á función policial, cando se produzan de forma grave e manifesta.
- y) Ter sido condenado en virtude de sentenza firme por un delito doloso, sempre que non constituía infracción moi grave, ou por unha falta dolosa cando a infracción penal cometida estea relacionada co servizo.
- z) A non prestación de auxilio con urxencia naqueles feitos ou circunstancias graves en que sexa obrigada a súa actuación, salvo que constituía delito.
- z) bis A infracción das normas de prevención de riscos laborais que poñan en grave risco a vida, a saúde ou a integridade física, propia ou dos seus compañeiros ou subordinados.
- z) ter A negativa reiterada a tramitar calquera solicitude, reclamación ou queixa relacionada co servizo, sempre que non constituía falta leve.

#### Artigo 9. *Faltas leves.*

Son faltas leves:

- a) O atraso ou a negligencia no cumprimento das funcións e ordes recibidas.
- b) A incorrección cos cidadáns ou con outros membros dos corpos e forzas de seguridade, sempre que non merezan unha cualificación máis grave.
- c) A inasistencia ao servizo que non constituía falta de maior gravidade e o incumprimento da xornada de traballo, así como as faltas repetidas de puntualidade, nos 30 días precedentes.
- d) O mal uso ou o descoido na conservación dos locais, do material ou dos demais elementos dos servizos, así como o incumprimento das normas dadas nesta materia, cando non constituía falta máis grave.
- e) Dar lugar ao extravío, perda ou subtracción por simple negligencia, dos distintivos de identificación, da arma regulamentaria ou doutros medios ou recursos destinados á función policial.
- f) A exhibición dos distintivos de identificación sen causa xustificada.
- g) Prescindir do conduto regulamentario para formular calquera solicitude, reclamación ou queixa relacionada co servizo, así como non tramitalas.  
Quedan exceptuadas do conduto regulamentario aquelas que formulen os representantes das organizacións sindicais no exercicio da actividade sindical.
- h) O descoido no aseo persoal e o incumprimento das normas sobre a uniformidade, sempre que non constituía falta grave.
- i) A ausencia inxustificada de calquera servizo, cando non mereza cualificación máis grave.
- j) A omisión intencionada de saúdo a un superior, que este non o devolva ou infrinxir doutro modo as normas que o regulan.

k) Calquera clase de xogo que se leve a cabo nas dependencias policiais, sempre que prexudique a prestación do servizo ou menoscabe a imaxe policial.

l) Portar insignias, condecoracións ou outros distintivos, sen estar autorizado para iso, sempre que non mereza unha cualificación máis grave.

m) Ter sido condenado en virtude de sentenza firme por unha falta dolosa cando a infracción penal cometida cause dano á Administración ou aos administrados.

## CAPÍTULO II

### Sancións disciplinarias

#### Artigo 10. *Sancións.*

1. As sancións que se poden impor pola comisión de faltas moi graves son:

- a) A separación do servizo.
- b) A suspensión de funcións desde tres meses e un día ata un máximo de seis anos.
- c) O traslado forzoso.

2. Por faltas graves poderase impor a sanción de suspensión de funcións desde cinco días a tres meses.

3. As sancións que se poden impor pola comisión de faltas leves son:

- a) A suspensión de funcións dun a catro días, que non suporá a perda de antigüidade nin implicará a inmovilización na escala.
- b) O apercibimento.

#### Artigo 11. *Traslado forzoso.*

1. Os funcionarios sancionados con traslado forzoso non poderán obter un novo destino por ningún procedemento no centro, unidade ou cadro de persoal do cal foron trasladados, no período dun a tres anos determinado na resolución sancionadora, de conformidade cos criterios establecidos no artigo seguinte.

2. Os mencionados prazos computaranse desde o momento en que se efectúe o traslado.

#### Artigo 12. *Criterios de gradación de sancións.*

Para a gradación da sanción que se vaia impor, e actuando baixo o principio de proporcionalidade, teranse en conta os seguintes criterios:

- a) A intencionalidade.
- b) A reincidencia. Existe reincidencia cando o funcionario, ao cometer a falta, xa fose anteriormente sancionado en resolución firme por outra falta de maior gravidade ou por dúas de gravidade igual ou inferior e que non fosen canceladas.

Para os efectos da reincidencia, non se computarán os antecedentes disciplinarios cancelados ou que debesen selo.

- c) O historial profesional, que, para estes efectos, só se poderá valorar como circunstancia atenuante.
- d) A incidencia sobre a seguridade cidadá.
- e) A perturbación no normal funcionamento da Administración ou dos servizos que lle estean encomendados.
- f) O grao de afectación aos principios de disciplina, xerarquía e subordinación.
- g) No caso dos artigos 7.b) e 8.y) valorarase especificamente a contía ou entidade da pena imposta en virtude de sentenza firme, así como a relación da conduta delituosa coas funcións policiais.

## CAPÍTULO III

**Competencia sancionadora**

Artigo 13. *Competencia sancionadora.*

Son órganos competentes para impor sancións disciplinarias aos funcionarios do Corpo Nacional de Policía:

- a) Para a imposición da sanción de separación do servizo por faltas moi graves, o ministro do Interior.
- b) Para a imposición das sancións de suspensión de funcións de tres anos e un día a seis anos e de traslado forzoso por faltas moi graves, o secretario de Estado de Seguridade.
- c) Para a imposición da sanción de suspensión de funcións ata tres anos por faltas moi graves, así como para a imposición de sancións por faltas graves, o director xeral da Policía e da Garda Civil.
- d) Para a imposición de sancións por faltas leves, os delegados do Goberno nas comunidades autónomas, respecto das cometidas por funcionarios que presten servizo no territorio da súa respectiva comunidade autónoma; así mesmo, os xefes de órganos centrais ata o nivel de subdirector xeral, ou asimilados; e os xefes superiores de policía, os xefes das comisarías provinciais e locais e os xefes das unidades do Corpo Nacional de Policía adscritas ás comunidades autónomas, respecto das cometidas por funcionarios deles dependentes.
- e) Os órganos competentes para impor sancións dunha determinada natureza, sono tamén para impor sancións de natureza inferior.

## CAPÍTULO IV

**Extinción da responsabilidade disciplinaria**

Artigo 14. *Extinción da responsabilidade.*

1. A responsabilidade disciplinaria extínguese polo cumprimento da sanción, pola morte da persoa responsable e pola prescrición da falta ou da sanción, así como polas consecuencias que no ámbito administrativo puidesen derivar da concesión dun indulto.

2. Se durante a substanciación do procedemento sancionador se producise a perda ou o cesamento na condición do funcionario sometido a expediente, dítase unha resolución en que, con invocación da causa, se declarará extinguido o procedemento sancionador, sen prexuízo da responsabilidade civil ou penal que lle poida ser exixida, e ordenarase o arquivo das actuacións, salvo que, por parte interesada, se inste a continuación do expediente ou se instrúa por falta moi grave; en tal caso, continuará ata a súa resolución. Ao mesmo tempo, deixaranse sen efecto cantas medidas de carácter provisional se adoptasen con respecto ao funcionario.

Artigo 15. *Prescrición das faltas.*

1. As faltas moi graves prescribirán aos tres anos; as graves, aos dous anos; e as leves, ao mes.

2. O prazo de prescrición comezase a contar desde que a falta se cometese, salvo que esta derive de feitos que fosen obxecto de condena por delito doloso; en tal caso, o prazo comezará a contar desde a data da firmeza da sentenza condenatoria.

3. A prescrición interromperase pola iniciación do procedemento; para estes efectos, a resolución pola que se acorde a súa incoación deberá ser debidamente rexistrada e notificada ao funcionario expedientado ou publicada, sempre que este non for atopado. O prazo de prescrición reiniciarase se o procedemento permanecese paralizado durante máis de seis meses por causa non imputable ao funcionario sometido a expediente.



4. Cando se inicie un procedemento penal contra un funcionario do Corpo Nacional de Policía, a prescripción das infraccións disciplinarias que dos feitos puidesen derivar quedará suspendida pola incoación daquel procedemento, mesmo cando non se procedese disciplinariamente. Nestes supostos, o prazo volverá correr desde a data da firmeza da resolución xudicial.

#### Artigo 16. *Prescripción das sancións.*

1. As sancións moi graves prescribirán aos tres anos; as graves aos dous anos, e as leves ao mes. O prazo de prescripción das sancións comezará a contar desde o día seguinte a aquel en que adquiren firmeza.

2. No suposto de suspensión de sancións previsto no artigo 49, se estas fosen firmes, o prazo de prescripción computarase desde o día seguinte a aquel en que se levou a efecto a suspensión.

3. No caso de concorrencia de varias sancións, previsto no punto terceiro do artigo 47, o prazo de prescripción das sancións que sexan firmes e estean pendentes de cumprimento comezará a contar desde o día seguinte a aquel en que quede extinguida a sanción que a preceda na orde de cumprimento determinada no dito precepto, ou, de ser o caso, desde a data en que produciuse eficacia a inexecución da sanción.

4. O cumprimento dos prazos de prescripción da sanción supón a cancelación das correspondentes anotacións no expediente persoal.

Transcorrido o prazo para a prescripción da sanción, o órgano competente acordará de oficio e notificará aos interesados.

## TÍTULO II

### Procedementos disciplinarios

#### CAPÍTULO I

#### Disposicións xerais

#### Artigo 17. *Principios inspiradores do procedemento.*

O procedemento sancionador dos membros do Corpo Nacional de Policía axustarase aos principios de legalidade, impulso de oficio, imparcialidade, axilidade, eficacia, publicidade, contradición, irretroactividade, tipicidade, responsabilidade, proporcionalidade e concorrencia de sancións, e comprende esencialmente os dereitos á presunción de inocencia, información, defensa e audiencia.

#### Artigo 18. *Regras básicas procedementais.*

1. Unicamente se poderán impor sancións disciplinarias aos funcionarios do Corpo Nacional de Policía en virtude de procedemento disciplinario instruído para o efecto conforme o disposto neste capítulo. O procedemento por faltas leves regularase conforme o disposto no capítulo III e o de faltas graves e moi graves polo disposto no capítulo IV.

2. A iniciación dun procedemento penal contra funcionarios do Corpo Nacional de Policía non impedirá a incoación de procedementos disciplinarios polos mesmos feitos. Non obstante, a súa resolución definitiva só se poderá producir cando a sentenza ditada no ámbito penal sexa firme e a declaración de feitos probados que conteña vinculará a Administración.

3. Só poderán recaer sanción penal e administrativa sobre os mesmos feitos cando non houbese identidade de fundamento xurídico e ben xurídico protexido.

Artigo 19. *Inicio do procedemento e dereito de defensa.*

1. O procedemento iníciase sempre de oficio, por acordo do órgano competente, ben por propia iniciativa, ben como consecuencia de orde superior, moción razoada dos subordinados ou denuncia.

2. Os órganos competentes para a imposición dunha sanción sono tamén para ordenar a incoación do correspondente procedemento.

3. A incoación do procedemento co nomeamento de instrutor e secretario notificaráselle ao funcionario suxeito ao procedemento, así como aos designados para desempeñar os ditos cargos.

4. No momento en que se notifique a apertura dun procedemento disciplinario, informarase o funcionario sometido a expediente do seu dereito a ser asistido, cando o considere conveniente para a defensa dos seus intereses, por un avogado ou por un funcionario do Corpo Nacional de Policía licenciado en dereito.

Os funcionarios do Corpo Nacional de Policía designados para realizar esta asistencia terán dereito a un permiso o día en que aquela se realice durante o tempo necesario para iso, sen que tal designación lles confira dereito ningún ao resarcimento polos gastos que puidesen derivar da asistencia. Os honorarios do avogado designado serán por conta do funcionario contratante.

5. De se iniciar o procedemento como consecuencia de denuncia, deberase comunicar o dito acordo ao asinante daquela. Así mesmo, débese comunicar o arquivo da denuncia, se é o caso.

6. Antes de ditar a resolución de incoación do procedemento, o director xeral da Policía e da Garda Civil poderá acordar a práctica dunha información reservada para o esclarecemento dos feitos, así como dos seus presuntos responsables.

Se é o caso, a dita información reservada pasará a formar parte do expediente disciplinario.

Artigo 20. *Nomeamento de instrutor e secretario.*

1. Na resolución pola que se incoe o procedemento nomearanse instrutor e secretario, a cuxo cargo correrá a súa tramitación.

2. O nomeamento de instrutor recaerá nun funcionario do Corpo Nacional de Policía que deberá ter, en todo caso, igual ou superior categoría á do funcionario sometido ao expediente e, no caso de que fose igual, deberá ocupar un número anterior na escala.

3. Poderá ser nomeado secretario calquera funcionario destinado no Ministerio do Interior.

Artigo 21. *Abstención e recusación.*

1. Ao instrutor e ao secretario aplicaráselles as normas sobre abstención e recusación establecidas nos artigos 28 e 29 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O dereito de recusación poderase exercer desde o momento en que o interesado teña coñecemento de quen é o instrutor e o secretario.

3. A abstención e recusación formularanse ante o órgano que acordou o nomeamento, o cal resolverá no prazo de tres días.

4. Contra as resolucións adoptadas non cabe recurso, sen prexuízo da posibilidade de alegar a recusación ao interpoñer o recurso que proceda contra o acto que finalice definitivamente o procedemento.

Artigo 22. *Inmediación.*

A intervención do instrutor en todas e cada unha das probas practicadas é esencial e non pode ser suplida pola do secretario; en caso contrario, aquelas consideraranse nulas, sen prexuízo de que o instrutor poida solicitar a práctica doutras dilixencias de calquera órgano da Administración.

## Artigo 23. *Proba.*

1. Os feitos relevantes para a decisión do procedemento poderanse acreditar por calquera medio de proba admisible en dereito.

2. Cando se propuxese unha proba testifical, xuntarase un prego de preguntas sobre cuxa pertinencia se pronunciará o instrutor. A práctica da proba admitida notificaráselle previamente ao funcionario expedientado indicándolle o lugar, a data e a hora en que se deberá realizar e advertiráselle de que pode asistir a ela.

3. O instrutor poderá denegar de oficio a práctica das probas que non se concreten aos feitos polos que se procede e todas as demais que sexan, ao seu xuízo, impertinentes ou inútiles, denegación que se deberá motivar e sen que caiba contra ela recurso ningún.

4. Todos os organismos e dependencias das administracións públicas están obrigados a facilitarlle instrutor os antecedentes e informes necesarios, así como os medios persoais e materiais que precise para o desenvolvemento das súas actuacións, salvo precepto legal que o impida.

## Artigo 24. *Vista do expediente e copia das actuacións.*

O instrutor estará obrigado a dar vista ao funcionario sometido a expediente, por petición deste, das actuacións practicadas en calquera fase do procedemento e facilitaralle unha copia completa cando así o solicite.

## Artigo 25. *Información da concorrencia doutras infraccións administrativas ou penais.*

En calquera momento do procedemento en que o instrutor aprecie que a presunta infracción disciplinaria pode ser cualificada como infracción administrativa doutra natureza ou como infracción penal, porao en coñecemento do órgano que ordenase a incoación para a súa comunicación á autoridade administrativa ou xudicial competente ou ao Ministerio Fiscal.

## Artigo 26. *Arquivo de actuacións.*

Se en calquera fase do procedemento o instrutor deduce a inexistencia de responsabilidade disciplinaria ou de probas adecuadas para fundamentala, propondrá unha resolución pola que se ordene o arquivo das actuacións, en que expresará as causas que a motivan, para que o órgano que o incoase resolva o procedente.

Cando iniciado o procedemento se conclúise, en calquera momento, que prescribiu a falta, o órgano competente deberá resolver a conclusión do procedemento, con arquivo das actuacións, e deberáselles notificar aos interesados o acordo ou a resolución adoptados.

## Artigo 27. *Informe do Consello de Policía.*

1. En todos os expedientes disciplinarios instruídos por faltas moi graves aos membros do Corpo Nacional de Policía, así como en todos os procedementos que se instrúan aos representantes dos sindicatos a que se refire o artigo 22 da Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, será preceptivo, antes de ditar a resolución sancionadora, solicitar que emita un informe a comisión correspondente do Consello de Policía, que non será vinculante, e que se incorporará ao expediente correspondente para a súa continuación. Dos informes que emita a comisión darase conta posteriormente ao Pleno do Consello.

2. O dito informe deberase solicitar, igualmente, cando a incoación do procedemento se practique dentro do ano seguinte á perda da condición de representante sindical. Tamén se deberá solicitar se o funcionario sometido a expediente é candidato, durante o período electoral.

3. Para os efectos previstos no punto primeiro, as organizacións sindicais a que se refire o artigo 22 da citada lei orgánica deberán comunicar no mes de xaneiro de cada ano, de forma fidedigna, á Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil a relación dos seus

representantes, así como as variacións posteriores, no prazo dun mes contado desde a data en que se produzan, con indicación do cargo sindical que desempeñen.

## CAPÍTULO II

### **Disposicións aplicables a procedementos incoados a funcionarios de unidades de policía xudicial e de unidades adscritas a comunidades autónomas**

Artigo 28. *Procedementos incoados a funcionarios de unidades de policía xudicial.*

1. Cando se incoe un expediente disciplinario a funcionarios adscritos a unha unidade orgánica de policía xudicial e os feitos obxecto daquel teñan relación directa co desenvolvemento da investigación que tivesen encomendada, solicitarase un informe do xuíz, tribunal ou fiscal de que dependan, que terá carácter preceptivo, sen prexuízo daqueloutros que consideren oportuno emitir.

2. Da resolución ditada no procedemento a que se refire o número anterior remitirase puntualmente testemuño ao xuíz, tribunal ou fiscal de que dependa o funcionario expedientado.

3. Os procedementos disciplinarios incoados a funcionarios adscritos a unha unidade de policía xudicial, nos demais supostos non recollidos no punto primeiro, poranse en coñecemento da Comisión Provincial de Policía Xudicial.

4. Cando os funcionarios das unidades orgánicas de policía xudicial aos cales estea encomendada unha concreta investigación teñan que cesar no seu destino como consecuencia de suspensión provisional ou firme de funcións, participarse á autoridade xudicial ou ao fiscal para o seu coñecemento.

5. Con independencia das facultades conferidas pola Lei de axuízamento criminal á autoridade xudicial e ao Ministerio Fiscal, o xuíz ou tribunal, ou o fiscal de que dependan unidades adscritas de policía xudicial, poderá instar o exercicio da potestade disciplinaria respecto dos funcionarios daquelas, cando entendan que a súa conduta foi merecedora de sanción. Para tal efecto, poderán practicar as informacións reservadas que consideren pertinentes. Se o exercicio da potestade disciplinaria fose instada polas mencionadas autoridades, remitiráselles testemuño das resolucións que se diten.

Artigo 29. *Procedementos incoados a funcionarios de unidades adscritas a comunidades autónomas.*

1. Cando se incoe un expediente disciplinario a funcionarios do Corpo Nacional de Policía afectos a unidades do citado corpo adscritas a comunidades autónomas, previamente á imposición da sanción, deberase solicitar da autoridade competente da comunidade autónoma o informe que poida exixir a tramitación dos respectivos expedientes.

2. Sen prexuízo das facultades que correspondan ao Ministerio do Interior, as autoridades da comunidade autónoma poderán instar o exercicio da potestade disciplinaria cando fundadamente entendan que a conduta dalgúns dos membros da unidade debe ser sancionada. Complementariamente e para tal efecto, emitirán os informes que poida requirir a tramitación dos correspondentes expedientes, así como aqueloutros que consideren oportunos.

## CAPÍTULO III

### **Procedemento para as faltas leves**

Artigo 30. *Iniciación.*

1. Os órganos competentes para a imposición de sancións por faltas leves, ao recibir comunicación ou denuncia, ou ter coñecemento dunha suposta infracción da indicada

clase, poderán acordar a realización da información reservada prevista no punto sexto do artigo 19.

2. De se acordar a incoación dun procedemento sancionador por falta leve, o dito acordo conterá os feitos que o motivan e o nomeamento de instrutor e secretario, que se notificará aos designados para desempeñar os ditos cargos, os cales procederán a notificar o acordo ao funcionario sometido a expediente, con copia das actuacións que constan no procedemento ata ese momento, procedendo a citalo para que compareza co fin de ser oído en declaración.

3. No acto de comparecencia recibirán a declaración ao expedientado, quen poderá alegar e presentar os documentos e xustificacións que considere pertinentes e propor as probas que considere necesarias para a súa defensa.

#### Artigo 31. *Proposta e resolución.*

1. Practicadas as probas que o instrutor xulgue oportunas, formulará unha proposta de resolución en que fixará con precisión os feitos, a súa valoración xurídica para determinar, se é o caso, a falta que estime que se cometeu, a responsabilidade do funcionario sometido a expediente e a sanción que se debe impor, e notificaráselle ao expedientado para que, no prazo de 10 días, poida alegar canto considere conveniente na súa defensa. Oído o expedientado, a proposta de resolución remitirase con todo o actuado ao órgano que acordase a incoación do procedemento.

2. Na resolución que poña fin ao procedemento disciplinario, deberase determinar, con toda precisión, a falta que se estime que se cometeu e sinalarse o precepto en que apareza tipificada, o funcionario responsable e a sanción que se lle impón.

3. A resolución deberá ser notificada ao expedientado, con expresión do recurso ou dos recursos que caiban contra ela, o órgano ante o que se deban presentar e os prazos para interpoñelos.

4. Se se advirte, en calquera momento do procedemento, que os feitos investigados revisten caracteres de falta moi grave ou grave, someterase o asunto ao director xeral da Policía e da Garda Civil, que acordará o procedente.

### CAPÍTULO IV

#### Procedemento para as faltas graves e moi graves

##### Sección 1.<sup>a</sup> *Iniciación*

#### Artigo 32. *Incoación.*

1. O director xeral da Policía e da Garda Civil, ao recibir a comunicación ou a denuncia ou ter coñecemento dunha suposta infracción constitutiva de falta moi grave ou grave, ordenará a incoación de expediente disciplinario. Non obstante, poderá acordar a práctica da información reservada prevista no punto sexto do artigo 19, antes de ditar a resolución en que se decida a iniciación de expediente disciplinario.

2. Nos supostos en que resulte responsabilidade constitutiva de falta leve, deberanse cumprir os trámites establecidos no procedemento para as faltas desta natureza.

#### Artigo 33. *Medidas cautelares.*

1. Iniciado o procedemento penal ou disciplinario, se existisen elementos de xuízo suficientes, o director xeral da Policía e da Garda Civil poderá acordar, preventivamente, de forma motivada, as medidas cautelares adecuadas para facilitar a tramitación do expediente e asegurar a eficacia da resolución que se puidese ditar.

2. Cando se acorde preventivamente a suspensión provisional de funcións, levarase a cabo nos termos e cos efectos que se sinalan a continuación:

a) O funcionario na situación de suspensión provisional quedará privado temporalmente do exercicio das súas funcións e dos dereitos inherentes á súa condición

de funcionario, sen prexuízo do disposto nos puntos seguintes, e procederase a recollerlle os distintivos do cargo e a arma ou as armas, se é o caso. Non obstante, o director xeral da Policía e da Garda Civil poderá autorizar o uso de armas regulamentarias cando circunstancias excepcionais así o aconsellen.

b) O tempo de suspensión provisional, como consecuencia dun expediente disciplinario, por feitos que non son obxecto de procedemento penal, non poderá exceder os tres meses en caso de faltas graves, e de seis meses, en caso de faltas moi graves, salvo en caso de paralización do procedemento imputable ao interesado.

c) Se os feitos que motivan o expediente disciplinario dan lugar tamén a un procedemento penal, a suspensión provisional manterase durante todo o tempo a que se estenda a prisión provisional ou outras medidas decretadas polo xuíz que determinen a imposibilidade de desempeñar o seu posto de traballo. Neste caso, se a suspensión provisional excedese os seis meses non suporá perda do posto de traballo.

Non obstante, o director xeral da Policía e da Garda Civil poderá acordar, excepcionalmente, como medida preventiva, a suspensión provisional dos funcionarios sometidos a procedemento penal, se esta medida non foi adoptada pola autoridade xudicial que coñeza daquel, e poderase prolongar ata a conclusión do procedemento penal.

d) O funcionario suspenso provisional terá dereito a percibir durante a suspensión as retribucións básicas e, de ser o caso, as prestacións familiares por fillo a cargo, agás en casos de paralización do procedemento imputable ao interesado, que comportará a perda de toda retribución mentres se manteña a dita paralización, e, de igual xeito, non terá dereito a percibir haber ningún en caso de non comparecencia no expediente disciplinario.

3. Na resolución definitiva do expediente farase declaración expresa respecto das medidas cautelares adoptadas durante a súa tramitación, ben declarándoas de aboamento para o cumprimento da sanción imposta, se esta é de suspensión de funcións; ben, se o expediente conclúe sen declaración de responsabilidade disciplinaria, computando o tempo de suspensión provisional como de servizo activo e con recoñecemento de todos os dereitos económicos e demais que procedan durante o período de eficacia da suspensión, salvo que deba pasar a suspenso firme de funcións como consecuencia de condena criminal que afecte a súa condición de funcionario e derive dos feitos que motivaron a adopción da medida cautelar; neste caso, a suspensión provisional seralle de aboamento para o cumprimento da pena, logo de autorización do tribunal sentenciador.

Non procederá recoñecemento de tempo nin de dereito ningún ao afectado pola suspensión provisional se se impón a sanción de separación do servizo ou se debe declarar a perda da condición de funcionario como consecuencia de pena de inhabilitación absoluta ou inhabilitación especial que afecte a súa condición de funcionario, derivada de condena criminal imposta polos feitos que deron lugar á adopción da suspensión provisional de funcións.

#### Sección 2.<sup>a</sup> *Desenvolvemento*

##### Artigo 34. *Determinación e comprobación dos feitos.*

O instrutor ordenará no prazo máximo de 15 días a práctica de cantas dilixencias sexan adecuadas para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se debe pronunciar a resolución e, en particular, a práctica de cantas probas e actuacións conduzan ao esclarecemento dos feitos e a determinar as responsabilidades susceptibles de sanción.

##### Artigo 35. *Actuacións iniciais.*

1. En todo caso e como primeiras actuacións, procederase a recibir declaración ao funcionario sometido a expediente, ordenarase tramitar cantas dilixencias se deduzan da orde superior, da petición razoada doutros órganos ou da denuncia que motivou a incoación do expediente e do que aquel manifestase na súa declaración.

2. Se o funcionario sometido a expediente for emprazado en tempo e en forma e non comparecese, salvo que medie causa xustificada que o motivase, continuaránse as actuacións do expediente.

3. Se o expedientado non for atopado, será emprazado por medio de edictos que se publicarán no «Boletín Oficial del Estado» e na Orde xeral da policía, e sinalarase un prazo para comparecer. De non o verificar, continuaránse as actuacións do procedemento.

#### Artigo 36. *Prego de cargos.*

1. Á vista das actuacións practicadas, o instrutor formulará, no prazo de quince días, o correspondente prego de cargos, se procedese iso, no cal se comprenderán todos e cada un dos feitos sancionables que resulten daquelas, coa súa posible cualificación xurídica, así como das sancións que se poidan aplicar de acordo co artigo 10.

2. O prego de cargos redactarase de forma clara e precisa, en parágrafos separados e numerados para cada un dos feitos imputados, e deberáselle notificar ao expedientado, ao tempo que se lle dá vista do expediente mediante copia completa das actuacións practicadas ata ese momento, e concederáselle ao expedientado un prazo de 10 días para que poida contestalo, alegando canto considere oportuno para a súa defensa e propoñendo a práctica de cantas probas considere necesarias.

3. O instrutor deberá propor no momento de elaborar o prego de cargos, á vista do resultado das actuacións practicadas, o mantemento ou o levantamento da medida de suspensión provisional que, se é o caso, se adoptase.

#### Artigo 37. *Fase de proba.*

1. Contestado o prego de cargos ou transcorrido o prazo sen facelo, o instrutor, de oficio ou por instancia de parte, poderá acordar a apertura dun período de 10 días para que se poidan practicar cantas probas considere oportunas.

2. Cando sexa necesaria a práctica de dilixencias de proba que deban ter lugar fóra da península ou en países estranxeiros, o órgano que acordou a incoación poderá prorrogar o prazo do período probatorio, por proposta do instrutor, se o considera necesario.

3. Para a práctica das probas admitidas, así como para as acordadas de oficio polo instrutor, será notificado previamente o funcionario expedientado, indicáráselle o lugar, a data e a hora en que se deberán realizar e advertiráselle que pode asistir a elas.

#### Artigo 38. *Traslado de actuacións practicadas en período de proba.*

1. En caso de que o instrutor acordase, ben de oficio ou por instancia do interesado, a apertura de período de proba, darase traslado ao expedientado das actuacións que nel se practicaron para que, no prazo de dez días, alegue o que considere pertinente á súa defensa e achegue cantos documentos considere de interese.

2. Cando o interesado mostre a súa conformidade co prego de cargos, non realice alegacións, ou de telas realizado non se acorde a apertura do período de proba, o instrutor formulará proposta de resolución.

#### Artigo 39. *Proposta de resolución.*

O instrutor, cando considere concluído o expediente, formulará proposta de resolución en que se fixarán con precisión os feitos, farase a súa valoración xurídica para determinar se se estima que se cometeu a falta e, se é o caso, cal sexa esta e a responsabilidade do expedientado, e sinalarase a sanción que se debe impor.

#### Artigo 40. *Alegacións.*

A proposta de resolución do expediente será notificada polo instrutor ao interesado para que, no prazo de dez días, poida alegar canto considere conveniente para a súa defensa, mesmo respecto á denegación de probas a que se refire o capítulo I deste título.

Artigo 41. *Elevación do expediente.*

Oído o interesado, ou transcorrido o prazo sen alegación ningunha, remitirase con carácter inmediato o expediente convenientemente foliado e numerado ao órgano que acordase a súa incoación.

Artigo 42. *Redución de prazos.*

Por razóns de urxencia derivadas da necesidade de manter a disciplina, a exemplaridade, ou pola notoriedade ou gravidade dos feitos, o órgano que acordou a incoación poderá dispor que os prazos de tramitación do expediente se reduzan á metade de tempo, salvo os que se conteñen nos artigos 36.2, 38, 40 e 44.2.

Sección 3.<sup>a</sup> *Terminación*

Artigo 43. *Resolución do expediente.*

Recibido o expediente, o órgano que acordou a súa incoación procederá, logo de exame do actuado, tras a práctica das dilixencias complementarias que considere oportunas e, se é o caso, ditame da Avogacía do Estado, a ditar a resolución motivada que corresponda, se estivese dentro das súas atribucións, e, en caso contrario, remitirao ao órgano competente.

Artigo 44. *Devolución do expediente ao instrutor.*

1. A autoridade competente para resolver poderá devolver o expediente ao instrutor para que efectúe aquelas dilixencias que fosen omitidas e resulten imprescindibles para a resolución.

2. En todo caso, despois de efectuadas estas dilixencias e antes de remitir de novo o expediente á dita autoridade, darase vista do actuado ultimamente ao funcionario sometido a expediente, para que, no prazo de dez días, alegue canto considere conveniente na súa defensa.

3. Se o órgano competente para resolver apreciar que a cualificación apropiada reviste maior gravidade que a indicada na proposta de resolución, ou que os feitos contidos nesta son merecedores dunha sanción substancialmente superior que a proposta, darase traslado desta circunstancia ao expedientado co fin de que, no prazo de dez días, poida formular alegacións ao respecto.

Artigo 45. *Contido da resolución.*

1. A resolución que poña fin ao procedemento disciplinario deberá ser motivada e nela non se poderán introducir feitos distintos dos que serviron de base ao prego de cargos, sen prexuízo da súa distinta valoración xurídica sempre que non sexa de maior gravidade.

2. Na resolución determinarase con toda precisión a falta que se estime cometida e sinalaranse os preceptos en que apareza recollida a clase de falta, o funcionario responsable, a sanción que se lle impón e os recursos que procedan contra ela, o órgano ante o que se deben presentar e os prazos para interposos.

3. Tanto no suposto anterior como cando a resolución estimar a inexistencia de falta disciplinaria ou de responsabilidade do funcionario expedientado, débese facer declaración expresa, se proceder, sobre as medidas provisionais que se puidesen adoptar durante o procedemento.

4. A resolución do expediente será notificada en forma ao expedientado, dentro dos dez días seguintes á data en que for adoptada. Así mesmo, notificarase ao denunciante, se o houber.



**Artigo 46. Caducidade.**

1. A resolución que poña fin ao procedemento disciplinario e a súa notificación ao interesado deberase producir nun prazo que non poderá exceder os seis meses desde a data do acordo de incoación do expediente.

2. O prazo establecido para resolver o procedemento e notificar a resolución poderase suspender, interromper ou ampliar nos casos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Transcorridos os prazos previstos nos números anteriores sen que se ditase resolución no expediente procederase ao arquivo das actuacións. Neste caso, o órgano competente emitirá, por solicitude do interesado, certificación en que conste que caducou o procedemento e se procedeu ao arquivo das actuacións.

4. Cando un funcionario pase á situación de excedencia voluntaria antes ou durante a tramitación dun procedemento disciplinario por infraccións establecidas nesta lei, o dito procedemento quedará suspendido, interrompéndose o cómputo dos prazos de prescripción, e continuará a súa tramitación cando o afectado solicite o reingreso no servizo activo.

**CAPÍTULO V****Execución****Artigo 47. Execución da sanción.**

1. As sancións disciplinarias executaranse segundo os termos da resolución en que se impoñan e a súa natureza, e comezaranse a cumprir o mesmo día en que se notifique ao infractor a resolución pola cal se lle impoñen, ou ben, no prazo máximo de dez días, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, salvo que, por causas xustificadas, se aprace o cumprimento na propia resolución por un período de tempo que non exceda o legalmente establecido para a súa prescripción.

2. De non ser posible o cumprimento da sanción no momento en que se dite a resolución por estar o funcionario en situación administrativa que o impida, esta farase efectiva cando o seu cambio de situación o permita, salvo que transcorrese o prazo de prescripción.

3. Cando concorran varias sancións de suspensión de funcións, o seu cumprimento levarase a cabo seguindo a orde cronolóxica de imposición, comezando, dentro desta, polas de maior gravidade, ata o límite de seis anos. Se a suma delas excede o dito límite, non se cumprirá o tempo que o supere.

4. Se antes de que se dite a resolución correspondente o funcionario sometido a expediente adquire a situación de servizo activo noutro corpo de funcionarios, exixírase igualmente o cumprimento da sanción, que será inscrita no rexistro de persoal correspondente ao corpo desde o que se cometeu a falta, e aplicarase o réxime de prescripción de sancións e de cancelación das inscricións previsto nesta lei orgánica.

5. O cumprimento farase na forma que menos prexudique o sancionado.

6. A execución económica da sanción de suspensión de funcións faraa efectiva o habilitado inmediatamente con cargo ao sancionado.

7. Cando a sanción sexa por falta grave, o habilitado, logo de solicitude do sancionado, poderá fraccionar a detracción de retribucións durante os cinco meses seguintes ao de imposición da sanción.

8. Para a determinación destas sancións tomarase como base a totalidade das remuneracións íntegras mensuais que percíbise o funcionario no momento da comisión da falta e dividirase por trinta.

**Artigo 48. Executividade das sancións.**

As sancións disciplinarias impostas aos membros do Corpo Nacional de Policía serán inmediatamente executivas e o seu cumprimento non se suspenderá pola interposición de

ningún tipo de recurso administrativo ou xudicial, ben que a autoridade a quen competa resolvelo poderá suspender, de oficio ou por instancia de parte, a execución da sanción imposta, no caso de que a dita execución puider causar prexuízos de imposible ou de difícil reparación.

Artigo 49. *Suspensión e inexecución da sanción.*

O ministro do Interior e o secretario de Estado de Seguridade e, por delegación, o director xeral da Policía e da Garda Civil poderán acordar, de oficio ou por instancia do interesado ou do Consello de Policía, cando mediar causa xusta para iso, a suspensión da execución da sanción, por tempo inferior ao da prescrición, ou a súa inexecución total ou parcial.

O prazo de suspensión da sanción será computable para os efectos de cancelación.

Artigo 50. *Anotación e cancelación.*

1. As sancións disciplinarias anotarase no rexistro de persoal, con indicación das faltas que as motivan.

2. Transcorridos seis meses desde o cumprimento da sanción se se tratar de faltas leves, ou un e tres anos, segundo se trate de faltas graves ou moi graves non sancionadas con separación do servizo, respectivamente, acordarase de oficio a cancelación daquelas anotacións, sempre que durante aquel tempo non fose sancionado o interesado por feitos cometidos neses mesmos períodos. A cancelación producirá o efecto de anular a anotación sen que se poida certificar sobre ela, salvo cando o soliciten as autoridades competentes para iso; neste caso, farase constar expresamente a cancelación, pero para os efectos exclusivos do seu expediente persoal.

3. Para o cómputo do prazo de cancelación será tido en conta o tempo en que a execución da sanción fose suspendida.

Disposición adicional primeira. *Rehabilitación.*

1. Ás solicitudes de rehabilitación da condición de funcionario do Corpo Nacional de Policía seralles de aplicación o disposto no artigo 68 da Lei 7/2007, do 13 de abril, do Estatuto básico do empregado público, así como as demais normas de procedemento que regulen esta materia no ámbito da Administración xeral do Estado.

2. A formulación da proposta de resolución das solicitudes de rehabilitación de funcionarios do Corpo Nacional de Policía ao Consello de Ministros corresponderá ao ministro do Interior.

Disposición adicional segunda. *Comunicación de resolucións xudiciais.*

Os xuíces e tribunais porán en coñecemento da Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil cantas resolucións ditén que poñan fin aos procesos penais que afecten os funcionarios sometidos a esta lei.

Disposición adicional terceira terceira. *Reintegro aprazado ou fraccionado de retribucións.*

En relación co disposto no punto segundo do artigo 33.3, no que se refire ás retribucións percibidas durante a situación de suspensión provisional, resultarán de aplicación as disposicións en materia de fraccionamento ou aprazamento de pagamento establecidas na normativa xeral da Facenda pública.

Disposición transitoria primeira. *Retroactividade.*

As faltas disciplinarias cometidas con anterioridade á data de entrada en vigor desta lei orgánica serán sancionadas conforme a normativa anterior, salvo que as disposicións desta lei fosen máis favorables ao interesado; en tal caso, aplicarase esta.

Disposición transitoria segunda. *Procedementos en trámite.*

Os procedementos que na referida data se encontrasen en tramitación continuarán rexéndose ata a súa conclusión polas normas vixentes no momento da súa iniciación, salvo que as desta lei orgánica fosen máis favorables ao expedientado.

Disposición transitoria terceira. *Revisión de oficio de resolucións en vía de execución.*

No momento da entrada en vigor desta lei orgánica, se da súa aplicación resultasen efectos máis favorables para o funcionario sancionado, procederase á revisión de oficio das resolucións en virtude das cales se impuxesen sancións, aínda que sexan firmes, cuxo cumprimento non se iniciase ou finalizase na dita data.

Non procederá a revisión de resolucións en que se impuxese a sanción de separación do servizo.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. No momento da entrada en vigor desta lei quedan derogados os artigos 27 e 28 da Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo.

2. Quedan, así mesmo, derogados o Regulamento de réxime disciplinario do Corpo Nacional de Policía, aprobado polo Real decreto 884/1989, do 14 de xullo, e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao preceptuado nesta lei orgánica.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade.*

Engádese unha disposición adicional quinta á Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, coa seguinte redacción:

«Quinta.—Sen prexuízo do disposto no artigo 6.7 desta lei, os funcionarios do Corpo Nacional de Policía estarán sometidos ao mesmo réxime de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas. No que se refire aos funcionarios do Corpo Nacional de Policía que se encontren en segunda actividade sen destino, aplicaranse as normas que regulan estas situacións.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 26/1994, do 29 de setembro, pola que se regula a situación de segunda actividade no Corpo Nacional de Policía.*

Modifícase o parágrafo segundo do artigo 13.2 da Lei 26/1994, do 29 de setembro, que queda redactado como segue:

«O exercicio de actividades conexas coas funcións que viñesen realizando durante os dous anos inmediatamente anteriores ao pase á situación de segunda actividade sen destino quedará sometido á autorización previa do director xeral da Policía e da Garda Civil durante un prazo de dous anos, contado desde o día seguinte ao da data de pase á dita situación.»

Disposición derradeira terceira. *Desenvolvemento regulamentario.*

Facúltase o Goberno para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento desta lei.

Disposición derradeira cuarta. *Aplicación supletoria da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.*

A Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, será de aplicación supletoria en todas as cuestións de procedemento e recursos non previstas nesta lei.

Disposición derradeira quinta. *Carácter da lei.*

Non teñen a consideración de lei orgánica os artigos 19 ao 47, ambos os dous inclusive, así como as disposicións adicionais, as disposicións transitorias, o punto segundo da disposición derogatoria única e as disposicións derradeiras segunda, terceira, cuarta e sétima.

Disposición derradeira sexta. *Aplicación aos corpos de policía local.*

Esta lei orgánica aplicarase aos corpos de policía local de acordo co previsto na lexislación orgánica reguladora das forzas e corpos de seguridade.

Disposición derradeira sétima. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,  
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Barcelona, 20 de maio de 2010

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO